


Texto de  
María Victoria Moreno

**ADAPTACIÓN**  
**TEXTO SIMPLIFICADO**

Ilustraciones de  
Lara Torres Rodríguez

# O CATAVENTOS



urco  
EDITORIA

Cando as árbores eran pequeniñas -que todas as cousas, antes de seren grandes, foron pequenas- o mundo non era coma hoxe. As casas eran baixiñas, o xusto para que as vacas non rompesen os cornos ao entraren nas cortes. As mazás, as cereixas e mais as laranxas collíanse coa man.

Os paxaros tecían os seus niños entre as espiñas das roseiras e só os máis medoñentos, que sempre se escondían no interior das igrejas, o fume das chimeneas e das torres da igrexa, ás veces volvían -cansados- a voar e a buscar comida.

**POR RIBA DOS TELLADOS SÓ SE VÍA A TORRE DA IGREXA, O FUME DAS CHEMINEAS E MAIS AS NUBES.**

Cando as nubes durmían era cando se regaban as veigas. Porque as nubes sonche coma as rapazas pequenas, que, cando están durmidiñas, mexan por elas. Por iso cando as nubes dormen comeza a chover e non para até que chega o sol e as esperta. Entón teñen moita vergoña e foxen polos camiños do ceo até que chegan aos montes e alí paran.







Neste mundo que che digo o máis importante era vivir en liberdade. Vivían as flores e os paxariños. As mazás e as formigas. As herbas e mais as vacas. E ás flores, aos paxariños, ás mazás, as formigas, as herbas e as vacas.

**NESTE MUNDO, O MÁIS IMPORTANTE ERA A LIBERDADE. AS FLORES E OS PAXARIÑOS ERAN LIBRES. AS MAZÁS E AS FORMIGAS TAMÉN. TODOS MENOS AS GALIÑAS QUE, POR CULPA DE DON PÍO, O GALO, ESTABAN TODO O DÍA ENCERRADAS.**

Só ás galiñas lles e xa de paso tamén nos paxariños que as roldaban por mor do millo. É que lle gustaba mandar.



Érache un mozo garrido o tal don Pío. Ollos de vidro dourado. Por sombreiro, unha crista vermella que ás veces parecía cereixa e ás veces lume. Do traxe só che sabería dicir que era o máis elegante que vin: nin de seda nin de la. De plumas rechamantes, lixadas de ouro nas ás e mais na cola.

O seu camiñar era fachendoso:

-Aquí estou -quiquiriquí-  
para que miren as galiñas  
quen é o que manda aquí.

**AQUÍ ESTOU -QUIQUIRIQUÍ-  
PARA QUE MIREN AS GALIÑAS  
QUEN É O QUE MANDA AQUÍ  
-DICÍA DON PÍO.**

A Roxapitiña -que era algo vella e mais xorda- cando miraba a don Pío co peito abaloufado e co pescozo estarricado, coidaba que se lle trasgolara algún gran e quería axudalo. E cada vez que se achegaba a el -zas!- don Pío dáballe un moquete.

Ela pensaba:

- Se non comeses tanto, lampantín...



As Teixaspitiñas -que che eran moitas-  
facían unha ringleira detrás de don Pío.  
Cando el comenzaba:  
**E TODAS AS GALIÑAS  
(A ROXAPITIÑA, A  
MOURAPITIÑA E,  
SOBRE TODO, AS  
TEIXAPITIÑAS) FACÍAN  
UNHA FILA DETRÁS DE  
DON PÍO.**

Elas coreaban:

-E a moita honra servir.

Érache unha canción tan tristeira..



**UN DÍA, A POMBAPITIÑA -COITADA- BRINCOU  
AO PAU MÁIS ALTO DO GALIÑEIRO.  
—BAIXA DE AÍ! —BERROULLE A PINTAPITIÑA.  
DON PÍO MIROU AQUEL BRINCO E COMEZOU A  
DEVECER DE ENVEXA.**

Pero xa era tarde...

Don Pío mirou aquel brinco limpo e lixeiro e pensou:

- Eu son o que manda aquí  
e esa parva da galiña  
voa máis alto ca min.  
E comezou a devecer de envexa.









Xa non atopaba acougo. Mesmo os paxariños que roldaban por mor do millo -tan pequenos, pobriños- facíanlle sentir unha carraxe aceda. Un día mesmo chegou a embuchar dunha peteirada a un xilgaro. Tan ben que cantaba o inocente...

**SE EU SON O QUE MANDO AQUÍ,  
QUE ESA DEA SALTOS MÁIS GRANDES  
NON O PODO PERMITIR.**

E as Teixaspitiñas:

-Si, si, Si... Si, si, si, Si.

E don Pío sentíase medrado e -zas!- larfaba un pardal.

-A esa parva de galiña  
heille pisar as ás  
para lle dar máis forza ás miñas

E as Teixapitiñas

-Hanche axudar as Teixiñas.


Don Pío afoutábase e -zas!- engulipaba un merlo.

-Ides ver -quiquiriqui-  
que pode voar moi alto  
o galo que manda aquí.

E as Teixaspitiñas

E a moita honra o servir.





Foron moitos os días que don Pío pasou matinando na Pombapitiña e nas súas ás. Comela non lle servía de nada, porque de embuchar paxaros só conseguía dor de barriga e mala sona. Depenala? Ah... Esta era a torre de sigo, que as teixapitiñas usaban para subir a outra riba. E claro que lles faltaba unha riba doutra e don Pío foi

po...la... noi...te  
de...pe...na...ron  
re...ga...la...ron  
...DO.  
...BIN...  
RU...  
as... Tei...xi...ñas  
as... Tei...xi...ñas  
a... don... Pí...o  
a... don... Pí...o  
...TRA.  
...OU...

E, despois que llas crava nas súas ás, aínda lles parecía que fixeran pouco por el. Entón acordaron subir unha riba da outra até acadar unha semellante á da torre. Pouco lles faltaría... E don Pío

...RI...  
UNHA...

DESDE ARRIBA ATA O TELLADO DO  
CAMPANARIO APENAS TIVO QUE BRINCAR PARA  
POUSAR NEL.

até que pousou as patas na derradeira teixapitiña, premendo sen compaixón na súa cabeza. De alí ao tellado pouco lle faltaba e apenas tivo que brincar para pousar nel.





Xa enriba, o primeiro que fixo foi contar as tellas e cavilar a cantos metros estaría do chan. Isto -supoño eu- facíao para saber como era de importante... E debeu pensar que era moito, porque xa loguiño quixo presumir. E dígoche que quedou aleuto ao decatarse de que as súas ás, remendadas coas plumas da Pombapitiña, non eran

**ALÍ, AS PATAS QUEDÁRONLLE  
CHANTADAS NAS TELLAS E O SEU  
CORAZÓN ÍA DEVECENDO. COMEZOU  
A DECATARSE DE QUE XA NON TIÑA  
SANGUE, NIN OLLOS, NIN VOZ PARA  
CANTAR...**

E o seu corazón quente ía devecendo. Aquel corazón que se lle facía grande a pulos de soberbia ía mingando dentro do seu peito. Pero, cando comezou a decatarse do mal que se está sen corazón, xa tampouco tiña sangue, nin ollos, nin voz para cantar... Tampouco sabía por que lle viñera aquela teima de subir máis alto que os demais.





Para baixar cumpríalle ceibar as patas e tíñaas xa sen tentos. Cumpríalle polo que se cunha folla de ferro. De mirasen para el e que se cunha folla de ferro. De eras andaban moi atarefadas na conquista do don. Pisco, o sucesor de don Pío. O caso é que chegou a noite e o pisco comezou a sentir frío. Zorrecábanlle o vento de aquí e de alí. O obrigábao a dar voltas e máis voltas de aquí e de alí. O obrigábao a deixarllo coma unha folla de ferro.

**O CASO É QUE CHEGOU A NOITE E DON PÍO COMEZOU A SENTIR FRÍO. O VENTO OBRIGÁBAO A DAR VOLTAS E MÁIS VOLTAS.**

Obrigábao despois a dar voltas e máis voltas...



O de dar voltas -diciu para si- aínda pagaba a pena tendo ollos, porque así podía axaxar todo o que pasa por aí embaixo. Pero sen ollos... Ademais, aquela noite as árbores deron en medrar e coas lérias mesmo nin deixaban escoitar o que se falaba no chan.

Por que medrarián as árbores?

A Pintapitiña di que foi para poñer os niños dos paxaros onde non puidesen chegar nunca

**ADEMAIS, AQUELA NOITE AS ÁRBORES DERON EN  
MEDRAR E COAS LERIAS NIN MESMO NIN  
DEIXABAN VER OU ESCOITAR O QUE SE FALABA  
NO GALIÑEIRO, ONDE XA MANDABA OUTRO GALO  
CHAMADO DON PISCO.**





O certo é que ali tés a don Pío, encumeado e aterecido. Rolando contra gusto.

Facendo de cataventos.


E xa ninguén para mentes nel. Soamente don Xosé, o señor abade, sabe o que lle pasa. Sábeo porque ten o costume de rezar no adro e xa está afeito a que lle caian a súas bágoas. Na cabeza, na sotana, nas

**O CERTO É QUE ALÍ TES A DON PÍO, ALÁ ARRIBA,  
ATERECIDO. ROLANDO CONTRA GUSTO  
CONVERTIDO NUN CATAVENTO. SÓ DON XOSÉ, O  
ABADE, SABE O QUE LLE PASA AO CATAVENTO E,  
POR ISO, SÓ EL DESEXA QUE BAIXE ALGÚN DÍA. E  
SABE QUE BAIXARÁ, SE CADRA AGOCHADO  
NUNHA BANDADA DE PAXARIÑOS.**

Entón o señor abade, amodiño, vai sacando as bágoas da cabeza, da sotana, das mans e mais do libro e vai poñéndoas nas follas das roseiras para que as beban os paxariños cando sequen as fontes.

Só o señor abade sabe o que lle pasa ao Catavento e por iso só el desexa que baixe algún día. E sabe que baixará, se cadra acochado nunha bandada de paxariños.





Por culpa do fachendoso galo don Pío, as galiñas e os paxariños son as únicas criaturas que non poden vivir en liberdade na aldea. A envexa e a ambición que sinte, son tan grandes que o levarán á soidade máis absoluta.

Urco editora recupera "O cataventos", un dos contos máis fermosos de María Victoria Moreno, autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2018.



9 788416

€2-  
NOR  
cat